



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-DA / 2022

Expediente 2021000049721

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2022- ÁREA DE DANZA E ARTES DO MOVIMENTO

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Vista a resolución do Presidente nº 23694 , do 16 de maio de 2022, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2022 - Área de danza e artes de movemento.

No prazo de alegacións concedido, Jorge Adriano Castro Batista presentou un escrito manifestando que por erro presentou a súa solicitude no área de danza e artes do movemento no lugar de presentala na área de teatro e interpretación escénica.

As bases reguladoras das bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos, publicadas no BOP nº 34 do 18 de febreiro de 2022, establecen que na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro tribunal, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

Os tribunais correspondentes á área de danza e artes do movemento e á área de teatro e interpretación escénica acordaron reasignar o proxecto de Jorge Adriano Castro Batista á área de teatro e interpretación escénica.

RESOLVO:

1º.- Aceptar o cambio de área solicitado por Jorge Adriano Castro Batista

2º.- Aprobar a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar na convocatoria de BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2022- Área de danza e artes do movemento, de acordo co seguinte:

PERSOAS ADMITIDAS

BELLO ARCAY, LUCÍA

Grado superior en ensinanza de danza no Instituto Universitario de Danza "Alicia Alonso" / Conservatorio Superior de Danza María de Ávila

CAAMAÑO MARTÍNEZ, CARLA

Curso profesional no centro de danza de Cataluña

PAREDES SOLANA, PEDRO

Formación Profesional en Teatro Musical (Pregrado) en Som Academy, Escuela Oficial de Musicales y Artes Escénicas de Madrid

RODRÍGUEZ GARCÍA, MIRANDA

Segundo curso de la doble titulación en arte dramático, itinerario musical + artes escénicas en la Escuela Superior de Artes Escénicas, Málaga

SANCHEZ TEMPRANO, ISABEL

Axis Syllabus In Research & Practices en Movement Artisans - Lake Studios ,Berlin

SMITH ÁLVAREZ, PALOMA

Trainee Program en El Ajkun Ballet Theatre , New York

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.